



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA VINTENOVE DE NOVEMBRO DE 2011.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D. Iván Méndez García.

D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

Non asiste e se escusa:

D^a María Amparo García Pernas.

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 29 de novembro de 2011, sendo as oito horas e trinta minutos, na sala de sesións da Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 7 E 24 DE OUTUBRO E 7 DE NOVEMBRO DE 2011.

Abre a sesión o Sr. Alcalde agradecendo ós Srs. concelleiros a súa conformidade para adiantar uns días a sesión plenaria ordinaria e así evitar ter dous plenos na mesma semana. Pregunta de seguido se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por unanimidade dos membros presentes.

2. POS 2012 ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1.- Aprobar o Plan de provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2012, cuxas bases se coñecen a aceptan na súa totalidade, no que se recollen os obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
ACOMETIDAS REDE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE MESÍA. FASE II – PARROQUIA DE CABRUI	90.308,37 €	4.753,08 €	95.061,45 €
SUBTOTAL OBRAS	90.308,37 €	4.753,08 €	95.061,45 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	135.462,55 €

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	90.308,37 €	4.753,08 €	95.061,45 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	135.462,55 €	-----	135.462,55 €
TOTAL	225.770,92 €	4.753,08 €	230.524,00 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2012 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
PASEO MUNICIPAL DE DP 1004 A IGREXA DE LANZÁ	49.958,23 €

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2012.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Manifesta o Sr. Alcalde que este Plan permite dedicar ata o sesenta por cento a gasto corrente, polo que este equipo de goberno considera axeitada utilizalo ós efectos de manter o nivel dos servizos que estamos a prestar. A obra de inversión enlaza a rede xeral xa existente para dar servizo á maioría de veciños da parroquia de Cabrui, a case corenta e seis vivendas, quedando fora dous ou tres aldeas ás que xa non podíamos chegar co orzamento que tiñamos. Tamén se aproba un plan complementario cunha obra consistente nun paseo para dar continuidade ás sendas existentes na estrada de Deputación ata a Igrexa de Lanzá.

Pregunta o Sr. Álvarez pola financiación do Plan complementario, respostando o Sr. Alcalde que sería con remanente do proxecto principal máis aportación exclusiva do concello.

Pregunta o Sr. Raposo polos gastos correntes que se inclúen no Plan, respostando o Sr. Alcalde que se contempla a recollida de lixo, o alumeadado público e o mantemento do acceso a núcleos de poboación.

Manifesta o Sr. Álvarez que gustaríalle que non se dedicara o sesenta por cento a gasto corrente, xa que é unha boa ocasión para facer inversións, pero o noso grupo vai votar a favor.

Manifesta o Sr. Raposo que vaise abster.

Sometido o asunto a votación obtense o seguinte resultado: nove votos a favor, correspondentes ós sete concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e ós dous concelleiros presente do PP e unha abstención correspondente ó concelleiro do BNG.

3. APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

“PROPOSTA Ó PLENO



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS.

Considerando necesario regulamentar a tramitación municipal en relación cos programas de axudas de alimentos ós efectos de cumprir do xeito máis axeitado posible os obxectivos que se perseguen con estas actuacións, de conformidade cos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente REGULAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS deste concello, e que se transcribe como Anexo do presente acordo.*

SEGUNDO: *De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.*

TERCEIRO: *Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.*

Anexo.-

REGULAMENTO DO PROGRAMA DE AXUDAS DE ALIMENTOS

Artigo 1.- Fundamentación lexislativa:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, encomenda aos poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e todas as galegas na vida económica, cultural e social.

O artigo 27 da norma estatutaria no seu apartado 23, atribúelle á comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, competencia en materia de asistencia social. Por outra banda, la Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 25.2.k) como competencia municipal a prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que o sistema galego de servizos sociais rexerese, entre outros, polos principios de prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación. Ademais no capítulo II da Lei faise referencia ao catálogo de servizos



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

sociais, e concretamente no artigo 21.2.b) inclúense dentro das prestacións económicas as axudas de emerxencia e necesidade social.

Artigo 2.- Obxecto:

O reparto dos alimentos que se reciben en varias fases da Unión Europea, ou, no seu caso, doutras administracións, xunto cos que o concello puidera entregar en ocasións puntuais.

Artigo 3.- Beneficiarios:

Poderán beneficiarse das axudas citadas no punto anterior as persoas individuais ou unidades familiares do Concello de Mesía.

Entenderase por unidade familiar o núcleo de convivencia composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou calquera outra relación análoga de afectividade; por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade e afinidade ate o terceiro grao.

Artigo 4.- Requisitos dos solicitantes:

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Mesía de forma ininterrompida polo menos con seis meses de antigüidade no momento da solicitude.
- Acreditar a situación de necesidade de alimentos.
- Que a unidade familiar non dispoña dos ingresos suficientes para afrontar a cobertura desta necesidade básica, segundo o establecido na táboa que a continuación se presenta:

CONVIVINTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	Ate o 100% do IPREM
2	Ate o 200% do IPREM
3	Ate o 300% do IPREM
4	Ate o 400% do IPREM
5	Ate o 500% do IPREM
6	Ate o 600% do IPREM
7	Ate o 700% do IPREM
8	Ate o 800% do IPREM
9 ou máis	Ate o 900% do IPREM

O IPREM de referencia será o IPREM anual formado por 14 pagas.

Para o cálculo teranse en conta os ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou as persoas que constitúan a unidade familiar en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios por calquera outro concepto.

En caso de unidades familiares onde exista mala relación entre os seus membros, poderase ter en conta os ingresos económicos de parte da unidade familiar, previa valoración do/a traballador/a social.

Artigo 5.- Tipoloxía da axuda:

As axudas consisten no reparto directo ás persoas ou familias beneficiarias dos alimentos.



Artigo 6.- Incompatibilidades:

Non ter acceso a axudas polo mesmo concepto por parte doutros organismos, entidades ou administracións públicas, que cubran esta necesidade.

Artigo 7.- Procedemento:

7.1.- Inicio:

O procedemento iniciarase mediante impreso de solicitude presentado no rexistro do Concello coa debida documentación relativa a todos os membros da unidade familiar:

- *Fotocopia do DNI/NIE e/ou do libro de familia se é o caso.*
- *Declaración da renda do último exercicio ou certificado de imputación de rendas.*
- *Xustificantes dos ingresos económicos actuais a través de certificados de pensións, nóminas dos últimos doce meses, tarxeta de demanda de emprego e/ou certificado do Servizo Público de Emprego das prestacións por desemprego, extractos das contas bancarias dos últimos doce meses, etc.*
- *Declaración responsable do solicitante ou membro afectado da unidade familiar na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de ingresos.*
- *Outros documentos específicos que sexan necesarios para a correcta valoración da solicitude.*

7.2.- Instrución:

Darase traslado á solicitude ao departamento de servizos sociais onde un/ha traballador/a social procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, podendo solicitar tanta información considere precisa para o correcto diagnóstico da situación e emitirase un informe social coa valoración correspondente.

No procedemento de valoración, teranse en conta dous factores:

- 1) *Valoración económica: procederase ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo do solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar.
Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos 12 últimos meses (rendementos de traballo, prestación de desemprego, pensión, etc)
O total dos ingresos anuais dividiranse entre o número de integrantes da unidade familiar obtendo así os ingresos per cápita desta.
Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da/s persoa/s afectada/s pola dita situación.
No caso do membro afectado, a renda anual sería a resultante de calcular unha media da renda do último trimestre e multiplicala por 14 pagas.
No caso de que o solicitante ou algún membro da unidade familiar non poida acreditar documentalente a percepción de renda algunha, poderá presentar declaración responsable da carencia absoluta de ingresos.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Para acceder á concesión da axuda, os ingresos non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa. En caso contrario, o indicador económico será o motivo da denegación da axuda, non sendo precisa a posterior valoración social.

CONVIVINTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	<i>Ate o 100% do IPREM</i>
2	<i>Ate o 200% do IPREM</i>
3	<i>Ate o 300% do IPREM</i>
4	<i>Ate o 400% do IPREM</i>
5	<i>Ate o 500% do IPREM</i>
6	<i>Ate o 600% do IPREM</i>
7	<i>Ate o 700% do IPREM</i>
8	<i>Ate o 800% do IPREM</i>
9 ou máis	<i>Ate o 900% do IPREM</i>

- 2) *Valoración social: o órgano instrutor procederá á comprobación dos datos proporcionados e á valoración técnica da necesidade, a través das técnicas e instrumentos propios da profesión, coa finalidade de emitir un correcto diagnóstico social da situación. Unha vez efectuada a valoración, o/a traballador/a social emitirá informe social coa valoración correspondente.*

7.3.- Resolución:

A solicitude coa documentación e co correspondente informe social, será elevada á Alcaldía ou órgano no que delegue, para que emita a resolución, na que polo menos quedará reflectido: datos identificativos do expediente, motivación da concesión ou denegación.

O prazo para ditar resolución será de tres meses dende a presentación da solicitude. A notificación cursarase no prazo de dez días a partir da data de resolución.

A resolución deberá ser notificada ao beneficiario, xunto co réxime de recursos correspondente.

7.4.- Repartos:

Unha vez se reciban no Concello os alimentos da Organización designada a tal efecto, procederase á preparación dos paquetes para a distribución dos mesmos entre os beneficiarios/as do programa, que deberán pasar a recollelos nas datas e horarios segundo se lles notifique.

En casos excepcionais, para aqueles usuarios do programa que xustifiquen importantes dificultades de desprazamento para recoller os alimentos, realizarase un reparto a domicilio, sempre e cando as posibilidades e recursos do Concello o permitan.

O Concello disporá os medios e persoal necesario para levar a cabo as distintas tarefas no reparto de alimentos (recepción, carga e descarga, empaquetado e distribución), asegurando que se leven a cabo en adecuadas condicións de seguridade e hixiene, e coa maior brevidade posible.

7.5.- Seguimento:

Levarase a cabo un seguimento do programa unha vez ao ano, no último trimestre, no cal se enviará a cada beneficiario un escrito no que se requirirá a documentación para a comprobación de que se segue tendo dereito ao servizo.



Artigo 8.- Obrigas dos beneficiarios:

Os/as beneficiarios/as das axudas están obrigados/as a:

- *Destinar a axuda ao fin para o que foi concedida.*
- *Permitir e facilitar a labor do/a traballador/a social para verificar a súa situación familiar e económica.*
- *Ó cumprimento das condicións que se establezan para a concesión das axudas destinadas a superar a situación de necesidade.*
- *Comunicar ao departamento de servizos sociais as variacións sobrevidas que poidan dar lugar a modificación ou extinción da axuda.*

Disposición final.

O presente Regulamento foi aprobado inicialmente en sesión plenaria de data 29 de novembro de 2011, e entrará en vigor tras a publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas

En Mesía, 24 de novembro de 2011 O Alcalde, Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que preséntase este Regulamento ós efectos de regular do xeito máis obxectivo a xestión do reparto de alimentos, normalmente dous veces ó ano, para a xente máis necesitada. Como puideron ver na proposta que se lles mandou, se establecen dous criterios para o reparto, unha valoración económica dos ingresos e unha valoración social para contrastar a situación de necesidade.

Pregunta o Sr. Raposo cuántas persoas reciben a axuda de alimentos, respostando o Sr. Alcalde que oitenta unidades familiares, máis ou menos, dúas veces ó ano.

Sometido o asunto a votación obtense o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA MEDIANTE A CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DE “AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA” E DE “PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE EMPREGO.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

“PROPOSTA Ó PLENO



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA MEDIANTE A CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DE “AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA” E DE “PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE EMPREGO”

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como no artigo 53 do Regulamento de desenvolvemento da LOPD aprobado polo Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro, establécese que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal das administracións públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

Resultando que este concello dispón do REGULAMENTO DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA aprobado inicialmente o día 24 de maio de 2005, e publicado o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 200, de data 1 de setembro de 2005.

Resultando necesaria a creación dos ficheiros de datos de carácter persoal de “AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA” e de “PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE EMPREGO”, de conformidade cos citados preceptos legais, e os artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do artigo 2 do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do concello de Mesía, creando dous novos ficheiros de datos de carácter persoal denominados “AXENTES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA” e “PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE EMPREGO”, e, polo tanto, engadindo ao artigo 2 do Regulamento os apartados 7 e 8 correspondentes a estes novos ficheiros, así como os seus correspondentes Anexos, que, de seguido, se transcriben:

“Art. 2º.- Creación de ficheiros.

Créanse no Concello de Mesía os ficheiros denominados:

- 1. Padrón de Habitantes.*
- 2. Contabilidade.*
- 3. Nóminas.*
- 4. Rexistro de Asociacións Municipais.*
- 5. Sistema informático de usuario de servizos sociais (SIUSS).*
- 6. Padrón tributario de usuarios do servizo de recollida de lixo*
- 7. Axentes de promoción económica.***
- 8. Participantes en accións de promoción de emprego.***

ANEXO VII.

NOME DO FICHEIRO: “Axentes de promoción económica”

- a) Finalidade e usos previstos do ficheiro*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Xestionar os datos do axente de promoción económica que presta servizo no Concello de Mesía, co fin de poder ser identificable polos usuarios aos que dirixe as súas accións.

b) *Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos*
Axentes de emprego contratados polo Concello.

c) *Procedemento de recollida de datos*

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tano en soporte papel como informático ou electrónico.

d) *Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos*

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, email).

e) *Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros*

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, e ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caos, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento da dita Lei.

f) *Órgano responsable do ficheiro*

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Mesía, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; o dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polos axentes de promoción económica.

g) *Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición*

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) *Sistema de tratamento*

Mixto.

i) *Nivel de protección*

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO VIII.

NOME DO FICHEIRO: *“Participantes en accións de promoción de emprego”*

a) *Finalidade e usos previstos do ficheiro*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

- b) *Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos*

Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participantes en actividades de formación.

- c) *Procedemento de recollida de datos*

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel coma informáticos ou electrónico.

- d) *Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos*

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e email); datos do proxecto de creación de empresa (nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

- e) *Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros*

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, e ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caos, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento da dita Lei.

- a) *Órgano responsable do ficheiro*

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Mesía, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; o dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polos axentes de promoción económica.

- b) *Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición*

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

- c) *Sistema de tratamento*

Mixto.

- d) *Nivel de protección*

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico."

SEGUNDO: De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO: Solicitar á Axencia de Protección de Datos, unha vez efectuada a publicación á que se refire o apartado anterior, que proceda á inscrición dos ficheiros no Rexistro de Protección de Datos.

Mesía, 24 de novembro de 2011 O alcalde, Mariano Iglesias Castro"

Manifesta o Sr. Alcalde que esta acordo é unha esixencia da Xunta para ter acceso a programas instalados dende 2009 e que a axente de emprego ven utilizando este últimos anos. Este concello dispón dun Regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal, no que agora se engaden os dous apartados novos. A única persoa que manexa esta información é a axente de emprego.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación obténdose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. TOMA DE COÑECEMENTO INFORME DE INTERVENCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Sr. Secretario ós efectos de que faga unha introdución do contido destes informes. Manifesta o Sr. Secretario que son unha obriga resultante da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. O que se recolle nestes informes trimestrais é a información relativa ó cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas da entidade local, incluíndo uns ratios referentes tanto a pagos realizados como pendente de pago no trimestre, os intereses de demora aboados e unha relación de facturas ou documentos con respecto os que teñan transcorrido máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro contable e non se tramitaran os expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos. A información que se recolle no programa contable de facturas da deputación que ten instalado o concello, se traduce automaticamente ó final de cada trimestre nuns ratios relativos ós rexistros dese período. Así mesmo, sen prexuízo do seu posible debate no Pleno, a lei obriga a mandar estes informes trimestralmente ós órganos competentes do Estado e da Comunidade Autónoma.

Manifesta o Sr. Alcalde que o que se pretende é seguir cumprindo coas nosas obrigas e polo tanto remitir esta información ós órganos competentes. Eu salientaría que o



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

período medio de pago que estamos a ter é de vintecinco días para gasto corrente e de trinta e seis para inversión, aínda que cando a obra está afectada a unha subvención nós non nos imos a descapitalizar e pódese tardar algo máis, aínda que non tivemos ningún gasto en intereses de demora nin pagos pendentes a día de hoxe, e espero que así se manteña, aínda que é difícil xa que estamos a ter restricións do oitenta ou noventa por cento en algunhas subvencións doutras administracións. En todo caso, xa que tiveron o informe á súa disposición, non sei se alguén quere facer algunha manifestación ó respecto.

Non habendo máis intervencións, os concelleiros quedan enterados.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (478/2011 a 565/2011).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Pregunta o Sr. Álvarez polo decreto 525, relativo a unha denegación de axuda por nacemento de fillo, manifestando o Sr. Alcalde que recordo que o que pasou foi que cando entrou a solicitude a alguén se lle pasou verificar os parámetros, e posteriormente, constatouse que non cumpría co requisito da antigüidade de empadramento no concello, polo que houbo de rexeitarse a solicitude.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE SETEMBRO E 14 E 28 DE OUTUBRO DE 2011.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros teñen copia das actas, dálle a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta o Sr. Raposo por unha corta de madeira que fixo o concello na Fraga de Visantoña, qué importe se obtivo, a quen se vendeu, e para qué se van a utilizar os recursos.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pregunta o Sr. Álvarez polo número de empregados do concello a día de hoxe.

Resposta o Sr. Alcalde, en canto á corta de madeira, que xa fai tempo que o concello non xestiona a Fraga de Visantoña, senón que hai un convenio coa Xunta e a leva o distrito forestal ubicado en Ordes, quen se ocupa da limpeza, mantemento ou repoboacións e se encarga da venta, sempre coa autorización do concello. Son eucaliptos tocados desta peste que hai agora e que, ademais, por mor da altura, estaban danando a castaños. A nós só nos pasan un tanto por cento da venta. Coido que a venta foi de trinta e cinco mil euros e nos corresponderá un setenta por cento, destinándose ó que estimemos oportuno no sentido de que non son recursos afectados a un gasto concreto, senón que pasan simplemente a ser ingresos do noso sistema de caixa única.

En canto ó persoal do concello, dende xaneiro temos unha nómina media de corenta e cinco traballadores máis nove persoas do programa fomento de emprego, que estarán seis meses e rematan en decembro, máis o persoal do obradoiro de emprego que temos en colaboración co concello de Frades.

Pide a palabra o Sr. Raposo para felicitar ó Sr Álvarez e ó seu grupo polos resultados obtidos nas pasadas eleccións, manifestando tamén o Sr. Alcalde a súa felicitación pública, o que agradece o Sr. Álvarez no seu nome e no do seu grupo.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,